

e bandas de Galicia, como no económico, logrando en cada unha supervit que fai que nos anos oitenta compren montes lindeiros co torreiro das Portelas e amplíen o campo das festas. Actualmente a parroquia goza dunha excelente carballeira como lugar de lecer na humanización destes montes comprados daquela.



Na década dos oitenta continúa o bó funcionamento do entramado que monta cada terceiro domingo de agosto a

festa da augardente. Incorpóranse a dirección da mesma outras persoas como Ramón González Rodríguez que axuda a dar un impulso forte a festa e van relevando en funcións os



catro fundadores. A mediados da década falece Ignacio Martínez, perda importante para a dirección da festa que é suplida coa chegada de novas camadas que con ilusión e tesón proporcionan aire xove e novos xeitos a organización.

En 1990 a Deputación de Pontevedra, presidida daquela polo canicense Cesar Mera, e a proposta do concello de Arbo, presidido por Hermenegildo Rivero "Chicho", erixe o "Monumento ao augardenteiro" que é inaugurado na festa dese ano. Este monumento, composto por un pote coa súa vacía e balde en granito é unha homenaxe os poteiros do Condado, alquimistas do ouro líquido branco que quentou corpos magros en tantas mañáns de escaseza. Os poteiros traballaban sen descanso moitos días e moitas noites, despois da colleita, elaborando, a partir do bagazo, o licor para os veciños. Houbo augardenteiros de sona na parroquia e sobresaiu, sen ningunha dúbida, o popular Antonio Durán, "O Mariola" que herdado o pote do seu sogro adicou moitos anos da súa vida a transformar os fedellos de uva en exquisito licor polos cubertos da parroquia de Sela e outras dos arredores. Ó Mariola tributouse unha homenaxe popular na festa da Colleita do ano 1998, pouco tempo antes do seu falecemento.

Nesta década dos 90 vense incorporando camadas novas de mozos de A Granxa e Rozas a organización da festa da augardente e esta vai ampliando o seu recoñecemento non só en toda a contorna senon ampliando os límites desta e vaise enchendo o torreiro ano tras ano para disfrutar das actuacións magníficas das boas orquestras que a comisión organizadora contrata. Polo Torreiro das Portelas

pasaron grupos da talla de América S. L., as orquestas Compostela, Paris de Noia, Gran Casino e a actuación estelar da estrela hispano brasileira e sex simbol do momento Regina dos Santos, que provocou olladas de lascivia en máis dun asistente ó seu espectáculo festivo. Coa xubilación dos fundadores da festa e o falecemento de Martiño, toman o relevo as novas xeracións que naceron coa festa, e impulsárona con aire novo. Fanse cargo da comisión organizadora, como Presidente, Carlos Casas Camiña, fillo de Manuel Casas Fernández, un dos fundadores, e comandando un equipo no que se integran varios veciños e no que acadan cargos directivos Alfredo Tomé Iglesias e Manuel Martínez Casas e máis tarde José Manuel Martínez que lle dan continuidade a aquel proxecto comezado en 1972. Diversas actividades ó marxe da festa leváanse a cabo para recadar fondos e incorporan un ritual novo na noite da queimada como é celebrala con veciños ataviados con roupas de monxes do antergo mosteiro de San Martiño que existiu no lugar do mesmo nome da parroquia.

E así foi ata os días 20 e 21 de agosto deste ano no que se celebrou a edición desta tan recoñecida festa de ámbito comarcal que leva o nome de Sela e de Arbo por todos os lugares de Galicia, e, que naceu no xa tan lonxano ano de 1972 do maxín de catro homes que, coa súa ilusión fixeron agromar un

evento que hoxe goza dunha serea e sobria madurez.

Mil agostos máis para a festa da augardente de Sela.

.....
...

A Asociación Cultural Evaristo de Sela recoñece a Festa da Augardente do Condado de Sela como socio de honor.

Unha vez rematada a cea anual de Socios, celebrada no recinto no que días máis tarde se ia celebrar a edición da Festa da Augardente do Condado, a Xunta Directiva da Asociación cultural Evaristo de Sela fixo entrega o presidente da Comisión de festas o título de Socio de honor en recoñecemento dos cincuenta anos da festa. Despois dunhas palabras do presidente da Asociación dando conta do recoñecemento, respondeu un directivo da Comisión de festas agradecendo o detalle.



Asociación Cultural Evaristo de Sela



A Xunta Directiva, en representación dos socios e coa potestade que os estatutos lle otorgan, acordou por unanimidade conceder o título de

Socio de honor a

Festa da Augardente do condado

na conmemoración do seu 50 aniversario (1972-2022)

En Sela, a 13 de agosto 2022

E o sábado 13 de agosto celebramos a cea anual dos socios

Na noite do pasado sábado 13 de agosto xuntámonos en fraternal cea celebrada na carballeira anexa o Torreiro das Portelas máis de cen socios e amigos da Asociación Cultural Evarsito de Sela. Como todos os veráns, exceptuando estes dous derradeiros, por mor do andazo, levamos xuntándonos en armonía arredor dos manxares cociñados polo excelente equipo de cociña co que por sorte contamos na Asociación.

Para a ocasión, degustamos uns excelentes pinchos para facer boca e, continuar cunha carne o caldeiro con chourixo, cociñada no seu punto polos irmáns Eugenio e Antonio Carballo e por Manuel Groba que recibiron un sobresaine pola súa soberbia cocción. Carne, chourizos e patatas estaban exquisitas e foron regados por excelentes viños brancos e tintos que fixeron as delicias dos comensais. E para rematar, uns postres cos que endulzar a noite agradable que disfrutamos nesa xornada.



Despois da cea, baile e karaoke ata máis das dúas da mañán na que demos por rematada esta velada que deixou unha grata sensación entre os aistentes e xa desexando que chego a próxima no verán do ano que ben.



El contraste: un territorio alejado de A Coruña: Santa Mariña de Sela. Provincia de Tui. [Estudo sobre a segunda metade do século XVIII] (Vª Parte)

Antonio Arturo Abad Pardo

Número	Ubicación	Propietario	Utilidad al año.
1	“Su pena”	Juan Freyians	20 reales.
1	“Pena Alta”	Martín Lorenzo	40 id
1	“Nobos”	Antonio Alonso	12 id
1	“Varela”	Juan Freyans	8 id
1	“bon pracer”	Joseph Ramírez	6 id
1	“busca de comer”	Fco. Suárez.	6 id
1	“Pesqueira Nova”	Juan Peña	6 id
1	“Cañota”	Balthasar da Rúa	6 id
1	“Hela”	Tomé López	30 id
1	“Lana”	Juan Freianes	8 id
1	“Bugardeira”	Ambrosio Alonso	30 id

Tabla.- 44.

Parece que hay un propietario que dispone de 3 pesqueiras: Juan Freians o Freyians, que posiblemente sean la misma persona con su apellido escrito con i, o, y, o incluso como: *Freianes*. Es el que mayor rendimiento obtiene de esta actividad en tres lugares distintos con una utilidad total de 36 reales de vellón entre las tres instalaciones dedicadas a esta actividad. En lo que afecta a la toponimia algunos nombres de estos puntos de pesca todavía se conservan, habiéndose perdido otros. Por lo que respecta a la utilidad genera una media entre todos de 15,5 reales de vellón al año que era lo que valía, por ejemplo, un lechón de entre 6 meses y un año (su valor declarado u oficial era de, 10 reales de vellón)²⁰⁰.

6.6.3.- Tabernas, ferias y otros establecimientos.

En 1753 existían en Santa Marina de Sela dos establecimientos abiertos al público y dispensando diversos productos: una taberna cuyo rendimiento era de 140 reales al año; una carnicería (regentada por una mujer, Ana Carreyra) cuyo oficio le producía una utilidad de 100 reales. Además había una feria de ganado evento comercial que no ocurría en ninguna de las feligresías de la tierra de La Coruña, quizá debido a la fuerza centrípeta que ejercía la capital gallega sobre todo el comercio generado tanto por ella misma como sobre el de su entorno, *anulando* cualquier tipo de competencia a este respecto. Dicha feria se ubicaba en Crecente²⁰¹, celebrándose el día 14 de cada mes a la que al parecer le otorgaban un rendimiento de 16 reales, y que el reparto respecto a los derechos económicos derivados de aquel encuentro comercial era de la mitad “para su jurisdicción”, para “esta” (se supone que para Sela) una cuarta parte, y la otra cuarta restante para “...la de albeos²⁰²”. Parece que 8 reales (la mitad de los 16) eran para “...su jurisdicción”, es decir los percibía quien le correspondía el señorío sobre este territorio: la Casa Condal de Salvatierra; y los restantes 8, una para otra entidad territorial (Albeos), y los últimos 4 para Sela. Quizá todo esto podría traducirse en que,

²⁰⁰ Véase la respuesta 18 del Libro del Interrogatorio, en PARES – Santa Mariña de Sela, p. 3.380.

²⁰¹ Crecente es un municipio de la provincia de Pontevedra, limítrofe con Portugal, al igual que Santa Marina de Sela.

²⁰² San Juan de Albeos, es una entidad territorial o parroquia perteneciente al Ayuntamiento de Crecente en Pontevedra.